



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E UN DE XANEIRO DE 2020 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

1º TENENTE DE ALCALDE: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
2º.- Tenente de Alcalde: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais: D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusa asistencia D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e un de xaneiro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do 1º Tenente de Alcalde don Manuel Costa Carneiro, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/12/2019).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201900000000111 de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy (Expdte. núm. 2019/U022/000006)

Dáse conta da citada instancia na que don Juan José Coiradas Sambade, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A – Gas Naturgy , solicita licenza para obras de rede de baixa tensión subterránea de 45 metros de canalización en Galegos, 28 – Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm.: 2019/U022/000006), e nos termos do proxecto técnico achegado, de data 14 de xaneiro de 2019, asinado por don Pablo López Alonso, en calidade de Enxeñeiro Industrial. Expdte. UD218318100028.

Dáse conta da autorización emitida por ADIF para as actuacións pretendidas. Ref. 8-066/19.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada, asinada por Pablo López Alonso de data 14 de xaneiro de 2019, e ás condicións da autorización outorgada por ADIF.

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de noventa e seis euros con corenta e un céntimos (#96,41#).

2.2.- Instancia núm. 201999900000114 de Unión Fenosa Distribución, S.A – Gas Naturgy (Expdte. 2019/U022/000026)

Dáse conta da citada instancia na que don Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD Distribución Electricidade, S.A, solicita licenza para obras de ampliación CT 15CH72 San Pedro de Sarandón e RBT Cubelas en San Pedro de Sarandón (Expdte. núm.: 2019/U022/000026), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pedro Tizón Barro, en calidade de Enxeñeiro Industrial.

Dáse conta do informe favorable emitido pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en A Coruña, de data 10.12.2019.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Pedro Tizón Barro de data 29.10.2019 e a documentación anexa achegada con data do 17.12.2019.

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento corenta e sete euros con noventa céntimos (#147,90#)

2.3.- Instancia núm. 201999900000128 de Unión Fenosa Distribución, S.A – Gas Naturgy (Expdte 2019/U022/000037)

Dáse conta da citada instancia na que don Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de RBTS (Rede de Baixa Tensión Subterránea) de catro metros de canalización, en Gundián (Ponte Ulla), (expdte. núm.: 2019/U022/000037), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pedro Tizón Barro, en calidade de Enxeñeiro Industrial. As actuacións están afectadas polo trazado da Ruta da Prata.

Dáse conta da autorización emitida, con condicións, pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, expdte.: 2019/1904.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Pedro Tizón Barro e de data 13 de agosto de 2019.

Así mesmo deberá terse en conta o contido da autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e que se xunta ao presente acordo.

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.4.- Comunicación previa de don Asier Epelde Piñeiro. (Expdte. núm. 2020/U026/000001)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Asier Epelde Piñeiro para actuacións de reforma en interior de vivenda, nos termos do orzamento detallado que se achega de data 07/01/2020.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A507010320001SL , emprazada en Galegos, 2 - Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos corenta e nove euros con sesenta céntimos (#249,60#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don José Luís Canicoba Carrillo. (Expdte. núm. 2019/U026/000041)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Luís Canicoba Carrillo para rehabilitación de hórreo, consistente en cambio de tella e tamén cambio de caleiro en vivenda.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000600900NH43D0001BD, emprazada en Feal, 3 - San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Comunicación previa de obra de dona María Teresa Vicente Presas. (Expdte. núm. 2019/U026/000042)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Teresa Vicente Presas para construción de peche de parcela, de aproximadamente 100 metros de lonxitude, con base de formigón, postes e arame. Recuarase 5 metros do eixo da vía. A base maciza non superará os 1,50 metros de alto e o total do peche non superará os 1,80 metros. Achégase escrito da AXI do 16/12/2019 en relación co asunto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600164, emprazada en Buxeiros de Abaixo, 6- San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados, debendo a base quedar enfuscada e pintada; garantir o natural discurrir das augas e respectar as servidumes existentes.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e nove euros con oitenta e oito céntimos (#89,88#).



2.7.- Instancia de don José García Rendo. (Expdte. número 2018/U018/000011)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para parcelamento de finca emprazada en Vista Alegre – Ponte Ulla, en dúas parcelas resultantes, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data 18/04/2019. A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como U-2. Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta.

Dáse conta do informe emitido pola Demarcación de Estradas do Estado, do Ministerio de Fomento, con data do 17 xullo de 2019, Ref.: L-LC.19.3997, no que conclúen que o parcelamento proxéctase exteriormente á zona de servidume da N-525 polo que non corresponde a ese Ministerio a emisión de autorización. Se ben no que se refire á zona de urbanización deberán achegar proxecto específico para emisión de informe. (Xúntase copia do informe).

Dáse conta tamén da autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Expdte.: 2019/1504, no que se conclúe que se autoriza o parcelamento solicitado de acordo co cumprimento das condicións establecidas no punto 2.2 da resolución. (Xúntase copia da mesma).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca emprazada no lugar de Vista Alegre –Ponte Ulla, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data 18/04/2019, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenderon á cantidade de euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U.05, de 1066,17 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.8.- Instancia núm. 201900000002067 de dona Silvia Fernández Carril. (Expdte. número 2019/U007/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio a efectos de notificacións en Vedra, expón que con data do 09/10/2018 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo, 15 (Vedra), (licenza número 2017/U022/000029), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Lucas López Porto en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza de primeira ocupación (expdte.: 2019/U007/000005) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#) euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.9.- Instancia núm. 201900000002104 de don José Luís Vázquez Cajaraville.
(Expdte. núm. 2019/U022/000038)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra solicita licenza para obras de reconstrución de garaxe en vivenda unifamiliar sita en Pousada de Abaixo nº 5 -Vedra (Expdte. núm.: 2019/U022/000038), en solo cualificado como “solo de expansión de núcleo rural (N2)” segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: planta baixa, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, e nos termos da documentación técnica asinada pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela, con data de visado 05.07.2019 e número 1903679.2, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000903400NH43E.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por dona Mercedes Rosón Varela de data 05.07.2019.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a fachada quedará enfuscada e pintada e a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración da mesma na paisaxe.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número S02, de 282,50 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos cincuenta e dous euros con sesenta e seis céntimos (#252,66#)


3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra. Curso escolar 2019/2020.

Vista a proposta emitida pola comisión avaliadora das axudas para o ensino e o transporte do concello de Vedra, curso escolar 2019/2020, con data 26 de decembro de 2019.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Visto que de acordo co establecido na base oitava das reguladoras da convocatoria das axudas, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2019, con data 30 de decembro publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, a listaxe provisional e a apertura dun prazo de 10 días para emenda de documentación.

Dado que durante o citado prazo non se presentou ningunha reclamación, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Conceder as seguintes axudas para o ensino:

ALUMNO/A	ESTUDOS	PUNTOS	AXUDA CONCEDIDA
DANIEL IABANJI PADURARU	3º EPO	6	100
MELISA IABANJI PADURARU	4º EPO	6	100
DEONISA IABANJI PADURARU	5º EPO	6	100
INÉS IGLESIAS OROSA	2º ESO	6	100
GAEL ANDRADE PENEDO	4º EPO	1	100
VERA ANDRADE PENEDO	1º EPO	1	100
NAGORE PICALLO RODRÍGUEZ	1º ESO	----	100
GABRIELA QUINTÁNS CASTRO	4º ESO	4	100
CARLA PARADA CASTIÑEIRAS	1º BACHARELATO	2	150
NOEL RIVEIRA IGLESIAS	5º INFANTIL	4	100
MANUEL MOGO ARCA	3º ESO	4	100
MATEO MOGO ARCA	5º EPO	4	100
MARTÍN FERRO RODRÍGUEZ	6º EPO	4	150
ÁNGEL COLLAZO GARCÍA	E.S. ARTE DRAM	6	200
ADRIANA BARREIRO SANGIAO	1º EPO	1	100
CARLOTA BARREIRO SANGIAO	5º INFANTIL	1	100
LUÍS DA SILVA OROSA	3º ESO	1	100
NEREA DA SILVA OROSA	2º ESO	1	100
JOSÉ BUENO RAMA	FP	2	150
ALBA DE LA FUENTE COLLAZO	6º EPO	1	100
NURIA DE LA FUENTE COLLAZO	1º BACHARELATO	1	150
ANDREA PINTADO MATA	1º EPO	6	100
DANIEL IGLESIAS BOTANA	2º ESO	3	100
PABLO IGLESIAS BOTANA	5º EPO	3	100
SARA GÓMEZ ARES	ESTU. UNIVERSIT	6	200
YANIRA QUIÁN VARELA	2º ESO	6	100
YLENIA QUIÁN VARELA	6º EPO	6	100
YAILA QUIÁN VARELA	2º EPO	6	100
CARLOTA AGRELO MELLA	5º EPO	2	100

SEGUNDO.- Denegar as seguintes axudas ao ensino:

ALUMNO/A	ESTUDOS	MOTIVO
MARTA ALDREY CAO	3º ESO	NON ACHEGAR OCUMENTACIÓN REQUIRIDA
ANDREA ALDREY CAO	GRAO MESTRE INF.	NON ACHEGAR DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



M ^a . ELENA CASTIÑEIRAS CANICOBA	FP	NON ACHEGAR DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA
RAQUEL LÓPEZ VÁZQUEZ	FP	NON CUMPRE REQUISITOS ECONÓMICOS
AINARA GÓMEZ GAMÁS	2º ESO	NON CUMPRE REQUISITOS ECONÓMICOS
DIEGO LÓPEZ CASAL	3º EPO	NON CUMPRE REQUISITOS ECONÓMICOS
HUGO LÓPEZ CASAL	3º ESO	NON CUMPRE REQUISITOS ECONÓMICOS

TERCEIRO.- Conceder as seguintes axudas ao transporte:

ALUMNO/A	ESTUDOS	AXUDA CONCEDIDA
CARLA PARADA CASTIÑEIRAS	1º BACHARELATO	100
ANGEL COLLAZO GARCÍA	E.S. ARTE DRAMÁTICO	200
ANDREA PINTADO MATA	1º EPO	100

CUARTO.- Denegar as seguintes axudas para o transporte:

ALUMNO/A	ESTUDOS	MOTIVO
RAQUEL LÓPEZ VÁZQUEZ	FP	NON CUMPRE REQUISITOS ECONÓMICOS
NURIA DE LA FUENTE COLLAZO	1º BACHARELATO	NON CUMPRE REQUISITOS ECONÓMICOS

QUINTO.-- Que se proceda á súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

SEXTO.- A xustificación das axudas concedidas presentárase antes do 31 de xaneiro deste exercicio, debendo achegar a documentación sinalada na base undécima.

4º.- Aprobación gastos del persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 20 de xaneiro, de aprobación de gastos de quilometraxe, asistencias a cursos, asistencias a tribunais, e fondo social dos traballadores municipais, por importe de 4.898,11 euros.

5º.- Dar conta de Resolucions da Alcaldía do mes de decembro.

Dáse conta das seguintes Resolucions da Presidencia do mes de decembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
646	02/12/2019	Adquisición escultura da Camelia Xacobe a Vilarpiñeiro, S.L (Expdte. 2019/C0002/00043)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



647	02/12/2019	Adxudicación colocación iluminación de Nadal (Expdte. 2019/C002/000046) a Montaxes Eléctricos Fernández, S.L
648	03/12/2019	Adxudicación traballos de ventilación e climatización do ximnasio municipal (Expdte. 2019/C002/000047) a Instaiglesias, S.L
649	03/12/2019	Adxudicación traballos de colocación de falso teito no ximnasio municipal (Expdte. 2019/C002/000048)
650	04/12/2019	Cumprimento trienios persoal municipal
651	04/12/2019	Aprobación nóminas paga extraordinaria de decembro 2019
652	04/12/2019	Aprobación modificación de créditos 18/2019 (transferencia de créditos)
653	04/12/2019	Contratación urxente de don Rubén Nieto Rico para cubrir persoal recollida de lixo (bolsa de emprego temporal) do 09/12/2019 -21/01/2020
654	04/12/2019	Reclamación á empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar, Atendo Calidade, S.L
655	04/12/2019	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
656	04/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
657	04/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
658	11/12/2019	Aprobación modificación de créditos 19/2019 (Transferencia de créditos)
659	11/12/2019	Autorizándolle á escola de judo a utilización do Pavillón Municipal o 14/12/2019
660	12/12/2019	Concesión tarxeta mobilidade reducida a JVR
661	12/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
662	12/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
663	12/12/2019	Aprobación conta xustificativa convenio de colaboración coa Consellería de Educación á FEGAMP para gastos do CPI de Vedra
664	13/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
665	13/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
666	13/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
667	13/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
668	13/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
669	16/12/2019	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo da vivenda núm. 3 de Pedreira –San Miguel de Sarandón
670	16/12/2019	Expediente limpeza de fincas
671	16/12/2019	Aprobación conta xustificativa gastos CPI de Vedra (duplicado)
672	17/12/2019	Aprobación conta xustificativa convenio coa Asociación Senunpeso producións e ordenación de pagamento
673	17/12/2019	Aprobación gastos de persoal adscrito ao CIM-Convenio de cooperación co Concello de Boqueixón 2019
674	17/12/2019	Concesión axuda de emerxencia social a MCC
675	17/12/2019	Concesión de axuda de emerxencia social a ISG
676	17/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
677	17/12/2019	Aprobación modificación de créditos 20/2019 (transferencia de créditos)
678	18/12/2019	Aprobación conta xustificativa Agrupación de Voluntarios de PC de Vedra
679	18/12/2019	Cambio titularidade recibo taxa lixo e sumidoiros da vivenda núm. 7 de Calzande –San Xián de Sales
680	18/12/2019	Cambio epígrafe recibo taxa recollida de lixo local Gatente nº 14 – Trobe
681	18/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
682	18/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
683	19/12/2019	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 24 de Cibrán –San Xián de Sales
684	19/12/2019	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 24 de Cibrán –San Xián de Sales
685	19/12/2019	Denegándolle á concelleira dona M ^a . Beatriz Amenal copias de facturas
686	19/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
687	19/12/2019	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 20 de Paradela – San Xián de Sales
688	19/12/2019	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 19 de Paradela – San Xián de Sales



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



689	19/12/2019	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 14 de Paradela – San Xián de Sales
690	19/12/2019	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 7 de Calzande – San Xián de Sales
691	20/12/2019	Contestación a escrito presentado pola concelleira doo PSdeG-PSOE, dona Raquel Sangiao, polo escrito de queixas funcionamento ludoteca
692	20/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
693	23/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
694	23/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
695	23/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
696	23/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
697	23/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
698	23/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
699	26/12/2019	Aprobación nóminas mes de decembro
700	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
701	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
702	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
703	26/12/2019	Adxudicación a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU, a facturación do servizo de abastecemento de auga (do 4º trimestre/2019 -1º trimestre de 2020) (Expdte. contrato menor 2019/C002/000049)
704	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
705	26/12/2019	Acordando solicitar subvención <i>O teu Xacobeo 2020-2021</i> para o proxecto <i>Vedra, camiño Xacobeo</i> , aprobación de proxecto e compromiso de financiamento
706	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
707	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
708	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
709	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
710	26/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
711	27/12/2019	Aprobación cota socio da Asociación de municipios do Camiño de Inverno a Santiago, correspondente á anualidade 2019
712	27/12/2019	Aprobación conta xustificativa obra de Pavimentación de camiños a Prumadelos e outros do PMM 2019/2020 (anualidade 2020)
713	27/12/2019	Aprobación cota socio da Asociación de municipios do Camiño Miñoto Ribeiro correspondente á anualidade 2019
714	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
715	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
716	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
717	27/12/2019	Aprobación xustificación acordo coa APSSC para o cofinanciamento do Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos e Guía Intérprete de Persoas Xordocegas 2019 e ordenación de pagamento
718	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
719	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
720	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
721	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
722	27/12/2019	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
723	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
724	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
725	27/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
726	30/12/2019	Baixa no SAF –Libre concorrencia de L.B.C.
727	30/12/2019	Baixa no SAF - Libre concorrencia de I.C.B
728	30/12/2019	Altas no padrón municipal de habitantes
729	30/12/2019	Aprobación facturas

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

6º.- Outros asuntos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



6.1.- Aprobación padrón fiscal SAF do 3º e 4º trimestre de 2019

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao 3º e 4º trimestre de 2019, cuxo resumo é o seguinte:

	Nº usuarios	Importe
3º TRIMESTRE		
Usuarios Dependentes	44	14.900,52 euros
Libre concorrencia	20	3.637,80 euros
4º TRIMESTRE		
Usuarios Dependentes	42	15.757,19 euros
Libre concorrencia	19	3.664,35 euros

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os citados padróns

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos